

Galicia vai requetebén (Sobre a presenza da Xunta en Internet)

Hai non moitos meses nacía un novo medio de comunicación da Xunta de Galicia, *Galicia no terceiro milenio*. A novidade a respecto doutros medios tamén en posesión -máis ou menos evidente- do goberno galego, consiste en que se trata dun xornal electrónico que se edita a través de Internet, *ad maiorem gloria* do noso presidente (como algunhas seccións máis do sitio web da Xunta). Aproximadamente a metade das "novas" editadas nel teñen como protagonista a don Manuel Fraga, as súas visitas, inauguracións, declaracións ou entrevistas. E todas cumpren escrupulosamente aquilo de "Galicia vai requetebén", incluíndo mesmo referencias descualificadoras a cantos cuestionan o lema: a CIG é, neste senso, un dos seus brancos favoritos. Malia a escasa penetración de Internet en Galicia (imos á cola do Estado e de Europa), cómpre non esquecerse dunha boa bolsa de emigrantes galegos que actualizan a súa relación co país a través da Rede, ós que se lles ofrece pouca información alternativa.

O pasado día 7 de xuño *Galicia Terceiro Milenio* abraiábanos con outra boa nova: "A Xunta de Galicia mellora a súa comunicación cos cidadáns a través de Internet", a cal foi recollida para o outro día polos medios, sen cuestionala, *of course*. Debullemos tres aspectos da espectacular foguetería que incluía desta volta.

"En 1999 a páxina principal do web da administración autonómica acadou máis de 800.000 accesos. Ata o 5 de xuño do presente ano, recibiu máis de 700.000". Parabéns. A cantidade é unha das teimas propagandísticas do goberno galego, e de cando en vez gustan de abouxarnos coas cifras de acceso ós webs da Xunta, do Xacobeo ou da RTVG. Non é que desconfiemos deses aparellos que se chaman contadores de visitas, pero existen controis de audiencia rigorosos e científicos, como o da OJD, ó que si se someten os sitios web de, por exemplo, o BOE, a Axencia Tributaria ou o Concello de Barcelona. Este último, dirixido a un censo de poboación semellante ó de Galicia, contabiliza 267.955 visitas durante só o mes de abril de 2000. Se cadra, unha maior penetración de Internet entre os cidadáns barceloneses e os excelentes servicios en liña que ofrece son parte do segredo do seu éxito.

Sigamos con cantidades. "A incorporación dos centros de educación secundaria, a través do proxecto SIEGA, supón que xa existen máis de 8.000 postos educativos conectados". O dito proxecto é unha "actualización" dun proxecto anterior de conexión dos centros educativos a Internet, que estaría rematada este mesmo ano. Na presentación deste novo proxecto no pasado

Daniel Romero, Isabel Vaquero: "Galicia vai requetebén. Sobre a presenza da Xunta en Internet".

A Nosa Terra do 15/06/00

mes de abril, forneceuse o dato de que nos anos 98 e 99 foran conectados 350 centros de secundaria. Se as contas non nos fallan, iso significaría que en cada un destes 350 centros contarían con 22 conexións á Rede. Por favor, se algún centro do país conta con estes medios, fáganolo saber.

Anuncian novos servicios en liña (e van...) para as vindeiras semanas: a información da contratación en curso da Xunta (proxecto CONTRAT) e servicios para o cidadán, un proxecto co suxestivo nome de MI XUNTA. Ambos, en realidade, foron anunciados hai xa dous anos, pero republicítanse cada certo tempo, para que non nos esquezamos. Os anos de presenza da Xunta no ciberespacio só serviron para crear un pequeno e novo aparato de propaganda, pero non para ofrecer unha administración electrónica ós cidadáns, como cacarexadamente presumen no proxecto "Administración electrónica" que se pode consultar na sección de servicios do web da Xunta -ese si-. Un acceso máis caro na edición electrónica que no papel ó DOG (un dos poucos casos no Estado de boletín oficial non gratuíto), e a posibilidade de solicitar prazas xuvenís no programa "Campaña de Verán" son os únicos servicios en liña que lles ofrece arestora ós cidadáns a Administración da Xunta a través de Internet. Nin sequera é posible consultar o estado de tramitación dun expediente, aínda que nos outorgan unha clave identificativa por se queremos facer esta xestión a través da Rede, como nos suxire a propia Xunta. Nin sequera é posible facer xestión ningunha en liña coa Secretaría Xeral de I+D, a promotora do noso desenvolvemento tecnolóxico. Non se chega, logo, nin ó cativo 1,5% de trámites administrativos que pode efectuar, de media, un cidadán español a través de Internet, segundo un traballo de Andersen Consulting. E a isto podemos sumarlle outros moitos *fumes* (Galimarket, a plataforma para o comercio electrónico en Galicia, XeraciónNosa, o web da mocidade, e tantos outros) que nos comunican sen aínda prenderen o lume. Non sen razón Fraga salientaba na antedita edición de *Galicia Terceiro Milenio* que "os expertos recoñecen que Galicia foi pioneira e sitúase na vangarda das comunidades autónomas españolas, ó nivel dos países máis avanzados de Europa, en aspectos relacionados coa sociedade da información". ¡Moitas olas ó lume, e un garavanzo a cocer!